

AXUDA ECONÓMICA ÁS FAMILIAS CON NENAS OU NENOS NADOS NO 2016,

TARXETA BENVIDA

Que é?

É unha axuda económica destinada ás familias con **nenas ou nenos nados durante o ano 2016**, co fin de contribuír a sufragar os gastos derivados da súa crianza durante o primeiro ano de vida.

Esta axuda instrumentalízase a través da tarxeta benvida, cuxo obxectivo é adquirir produtos básicos para a nena ou neno, como leite e outros alimentos infantís, cueiros, produtos de hixiene infantil e produtos farmacéuticos; unicamente, poderá ser empregada **en farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación,**

Cal é a súa contía?

A contía total da axuda, con carácter xeral, será de 1.200 €, repartidos en 12 mensualidades durante o primeiro ano de vida da nena ou neno.

No caso de adopción, o dereito a percibir esta axuda será dende o momento en que se constituía a adopción ata que a nena adoptada ou neno adoptado cumpra un ano de idade.

Que persoas poden beneficiarse?

Poderán ser beneficiarias aquelas persoas que teñan fillas ou fillos, tanto biolóxicos como adoptados, nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016, que cumpran os seguintes requisitos:

- ✓ Que a persoa proxenitora solicitante teña a súa residencia habitual en Galicia.
- ✓ Que a renda da unidade familiar, sumadas a base imponible xeral e a base imponible do aforro, da declaración do IRPF do ano 2014 non supere os 45.000 €.

Nos casos en que a renda da unidade familiar fose superior aos 45.000 €, a renda per cápita, entendida como a suma das bases impositibles xeral e do aforro dividida polo número de membros da unidade familiar, non deberá superar os 13.500 €.

Nos casos en que non se teña realizado a declaración do IRPF do ano 2014, os ingresos serán os que resulten dos datos que obren en poder da AEAT, aos que se lles restarán os gastos deducibles.

Ademais, as persoas beneficiarias teñen que cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da [Lei 9/2007, do 13 de xuño](#).

Como se solicita a tarxeta benvida?

As persoas interesadas deberán cubrir unha solicitude normalizada (anexo I da [Orde 22 de decembro de 2015](#)), acompañada da documentación, segundo o caso, que a continuación se relaciona:

- ✓ Copia do libro ou libros de familia da unidade familiar ou, de ser o caso, as certificacións correspondentes expedidas polo Rexistro Civil.
- ✓ Copia da resolución xudicial ou administrativa que declare a adopción, só no caso de non autorizar a súa consulta ou cando se trate de adopcións non formalizadas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Certificado de empadramento conxunto de toda a unidade familiar.
- ✓ Anexo II debidamente cumprimentado e asinado pola persoa proxenitora que non apareza como solicitante, de ser o caso.
- ✓ Copia dos DNI ou NIE da persoa solicitante e da proxenitora que non apareza como solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de Verificación de datos de Identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- ✓ Copia da declaración do Imposto da renda das persoas físicas do ano 2014 da persoa solicitante e da proxenitora que non apareza como solicitante, só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria.

O prazo de presentación da solicitude será dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que se produce o nacemento ou adopción.

A solicitude e toda a información dispoñible atópase no enderezo [Solicitude e tramitación en liña](#)

Como se instrumentaliza a tarxeta benvida?

Unha vez resolta a solicitude, a persoa proxenitora solicitante da axuda recibirá a tarxeta benvida expedida ao seu nome, xunto coas instrucións para a súa activación (que será efectiva dende o número de móbil que se faga constar na solicitude) e as condicións de uso da dita tarxeta.

A Consellería de Política Social procederá a carga inicial da tarxeta e a recarga mensual durante o seu período de vixencia, que será de 12 meses desde o mes de nacemento da filla ou fillo, e no caso de adopción ata que a ou o menor adoptado cumpra os 12 meses de idade, transcorrido o cal non poderá ser utilizada.

Cal é o prazo pra resolver a miña solicitude?

É de 3 meses desde que a solicitude tivo entrada no Rexistro do órgano que resolve, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Que obrigas teñen as persoas beneficiarias?

As persoas beneficiarias da tarxeta benvinda obríganse ademais de observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño; especificamente ao seguinte:

- ✓ A comunicar calquera variación que se produza na situación familiar que poida dar lugar a perda da axuda.
- ✓ A responsabilizarse e e cumprir as condicións de uso establecidas e destinala exclusivamente á finalidade para a que foi concedida.
- ✓ A comunicar a perda, roubo ou extravío da tarxeta á Consellería de Política Social.
- ✓ Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concédente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios. Para este fin achegarase tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- ✓ Comunicarlle ao órgano concédente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Outras preguntas frecuentes:

Este mes non dou gastado os 100€ pérdese o dito importe?

Os 100€ vanse acumulando na tarxeta ata a data de caducidade que figura no anverso da mesma.

O neno/a está con lactancia materna, podó comprarse alimentos para a nai?

Si, por suposto.

Onde se pode mirar o saldo da tarxeta?

En calquera dos caixeros automáticos de ABANCA e na páxina web www.damemisaldo.com

Que produtos se poden comprar?

Todos aqueles produtos básicos para o primeiro ano de vida do neno/a, tales como leite, cueiros, produtos de hixiene, cremas, biberóns, chupetes, vacinas, menciñas, sacaleites, termómetros, cereais, froita, verduras, carne, pescado, etc. É dicir, todos aqueles que se poidan comprar nos establecementos xa mencionados, farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación.

Pódese cambiar o titular da tarxeta?

Non.

Recibo a tarxeta cun saldo de 100€, cando se cargará o importe restante se o meu neno/a xa ten 4, 5, ,...meses?

No momento en que recibe a tarxeta no seu domicilio esta leva, efectivamente, un saldo de 100€, pero ao cabo de 3 ,4 días realízase o ingreso do importe adebedado desde a data de nacemento do neno/a.

A partir dese momento realízase a recarga de 100€, na primeira quincena do mes correspondente.

Que pasa se perdo o PIN?

Debe enviar un correo electrónico ao enderezo tarxetabenvida.familia@xunta.gal

Quero saber o estado de tramitación do meu expediente?

Se transcorreron 3 meses desde que vostede presentou a solicitude da axuda sen ter ningunha comunicación poderá poñerse en contacto co departamento xestor a través da conta de correo tarxetabenvida.familia@xunta.gal e no teléfono 981 544 623 de luns a venres e de 12.00 a 14.00 horas.

Máis información no correo 012@xunta.gal e no teléfono 012.